



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APERTURA TRÁMITE DE AUDIENCIA

Faise pública a seguinte Resolución da Alcaldía, do 2 de xuño do 2026 pola que se procede á apertura do trámite de audiencia en relación ao recurso de alzada interposto no transcurso do procedemento de selección de persoal número 10/2024-SPL-EST 2024/E001/000009:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE ORDENA A APERTURA DO TRÁMITE DE AUDIENCIA NO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA OS ACORDOS DO 1 DE ABRIL DO 2026 DO TRIBUNAL NOMEADO NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE DIRECCIÓN E ASESORÍA XURÍDICA DO CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPTE. 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009.

Visto que con data 12 de maio do 2026 interpúxose recurso de alzada contra os acordos adoptados na sesión do 1 de abril do 2026 do Tribunal nomeado no proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller incluída na modificación 1 da oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do Concello de Padrón para a estabilización do emprego temporal, ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, na cal se resolven as alegacións presentadas ás preguntas e respostas do primeiro exercizo da fase da oposición, se outorgan as puntuacións finais no concurso-oposición e se formula proposta de nomeamento.

Considerando o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un período de audiencia de dez (10) días hábiles, contados dende a notificación da presente, para que as persoas interesadas poidan acceder ao contido do recurso e formular as alegacións que estimen procedentes en relación ao mesmo.

Segundo. Notificar a presente resolución a todas as aspirantes que se personaron á realización do primeiro exercizo da fase de oposición do procedemento de selección convocado, expediente 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009, coa indicación de que non pon fin á vía administrativa, e incluír como documentación anexa o recurso de alzada presentado.

Terceiro. Facer pública a presente resolución no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón e no da Casa do Concello.»

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca